



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

DECRETO.-

Asunto: Contratación menor de asistencia técnica estratexia sustentabilidade ambiental.-

Sendo preciso contratar externamente os servizos de elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental para incluír os riscos climatolóxicos no deseño e posta en marcha de políticas de desenvolvemento socioeconómico cun orzamento de 6.400 €, asistencia técnica que foi subvencionada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao abeiro da Orde do 26/04/16 coa contía de 3.200,00 € e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Vistos os orzamentos presentados por BILEGA ENERGIA S.L., Oscar López de Figueroa –consultor en eficiencia enerxética e enerxías renovables e ABINCO Soluciones Integradas S.L., a proposta da concellaría delegada, e tendo o contrato a consideración de contrato menor pola súa contía, conforme ao disposto no artigo 138.3 en relación co artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que existe consignación orzamentaria e que é competente a Alcaldía para a aprobación do gasto, resolvo:

1º.- Aprobar a contratación menor da auditoría integral para elaboración de estratexia de sustentabilidade ambiental coa finalidade de incluír os riscos climatolóxicos, adxudicando o contrato a empresa BILEGA ENERGÍA S.L., co CIF B70123203, no prezo de seis mil trescentos oitenta e oito euros con oitenta céntimos (Prezo S/IVE: 5.280,00, IVE: 1.108,80, Total: 6.388,80 €).-

2º.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1729.22706 do vixente Presuposto municipal.-